

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña)./

Teléf. 981.669.532

leadermarinasbetanzos@gmail.com; [blog: http://gdr29.blogspot.com/](http://gdr29.blogspot.com/)

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2009.

En Abegondo, a 13 de outubro de 2009, na Aula Multimedia do Concello de Abegondo, sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- D. Antón Sánchez García, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo*, (Sindicato Labrego Galego).
- Dna. Pura Ferreiro Saia, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- Dna. Cruz Fernández González, en representación da *Mesa sectorial de Asociacións e Colectivos de mulleres* (Asociación Elas Pro Igualdade Dereitos da Muller).
- D. Javier Ascasibar Errasti, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións Xuvenís e colectivos xuvenís* (Asociación Xuventude e Natureza)
- D. Ricardo Gabín Faraldo, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural e Deportiva Val de Aranga).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)
- D. Xosé Uxío Rey Fernández , en representación da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña)
- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Andrés Alberto Porcas Fraga, Concelleiro de infraestruturas do Concello de Betanzos, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Gumersinda Becerra Montes, Concelleira de Turismo e Medio Rural do Concello de Cambre, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Isidro Taibo Gago, Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde do Concello de Irixoa, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- Dna. Isabel Díaz García, en representación da *mesa colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (Asociación de Parapléjicos y grandes minusválidos de Galicia – Aspaym)
- D. Andrés García Boutoureira, en representación da *mesa da pesca, marisqueo, acuicultura* (Confraría de Pescadores de Sada).

A SESIÓN SE TEN DESENVOLTO, CO RESULTADO SEGUINTE:

O Xerente do Programa LEADER, antes de comezar a reunión informa ós asistentes que a Secretaria da Asociación está de viaxe polo que se debería nomear para esta reunión un secretario accidental.

Toma a palabra o Presidente, solicitando algún voluntario para exercer dito cargo provisional. O representante da Asociación Val de Aranga, comunica que non ten ningún inconvinte en actuar para esta reunión como secretario, polo que queda nomeado como secretario accidental para esta xuntanza: D. José Juan Rico Rodríguez.

1. LECTURA E APROBACIÓN, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da sesión anterior.

2.-INFORME DE ACTIVIDADES

2.1. PROPOSTA E APROBACION SE PROCEDE DE ADHESIÓN DE NOVOS SOCIOS E ADSCRICIÓN Á MESA SECTORIAL CORRESPONDENTE DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”

2.1.1. ASOCIACIÓN DE PAIS DE PERSOAS CON TRANSTORNO DE ESPECTRO AUTISTA DA PROVINCIA DE A CORUÑA

Con data 21 de xullo de 2009, ten entrado no rexistro da Asociación “Mariñas – Betanzos” solicitude da entidade ASPANAES declarada como entidade de utilidade pública no ano 1996, para adherirse como entidade asociada a “Mariñas – Betanzos”.

Aspanaes constitúese no ano 1979 coma unha entidade privada e sen ánimo de lucro, tendo por obxecto o ben das persoas con T.E.A. (Trastorno de Espectro Autista), a través de actividades asistenciais, educativas, recreativas, culturais, deportivas e laborais, mediante a promoción, creación, organización ou patrocinio de centros de diagnose e avaliación, unidades de atención especializada, investigación e experimentación, centros de terapia, residencias, centros de día, centros ocupacionais, centro de emprego e outros en conformidade cos plans de actuación que aprobe a Asemblea Xeral. Igualmente a Asociación

exercerá en xeral a representación e defensa dos intereses das persoas con T.E.A., así como a súa tutela legal, cando esta procedese.

Na actualidade, ASPANAES atende a 171 beneficiarios directos na súa rede de centros. Dispón de catro centros de día na provincia de A Coruña, que prestan atención ás necesidades básicas, terapéuticas e sociais das Persoas adultas con TEA.

Segundo a memoria asinada pola Directora-Xerente, esta entidade desenvolve unha actividade relevante e consolidada no territorio de “Mariñas – Betanzos”, xa que un dos centros de día está no concello de Culleredo, concretamente na parroquia de Castelo. O que pretenden co ingreso de Aspanaes en “Mariñas – Betanzos” é contribuír ó desenvolvemento social da zona, optimizar os recursos que a entidade ten no termo municipal de Culleredo, beneficiándose directamente as persoas con TEA atendidas no Centro de día así como as súas familias, potenciando a rede de recursos do concello de Culleredo.

A Xunta directiva valora o interese desta entidade en cooperar en proxectos comúns. Acórdase admitir a esta entidade como membro asociado incluíndoa na MESA SECTORIAL DE COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG’S

2.2. PROPOSTA DE SINATURA DUN CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS DO MÁSTER OFICIAL EN DIRECCIÓN DE PROXECTOS.

Se informa que a Universidade de Compostela, ten enviado un borrador de convenio co obxecto de establecer unha colaboración entre as partes de cara a unha adecuada programación e desenvolvemento de prácticas tuteladas do alumnado do Máster Oficial en Dirección de Proxectos na Asociación “Mariñas – Betanzos”.

O obxecto das prácticas é o desenvolvemento de tarefas adecuadas ó seu nivel de formación que lle sirvan para adquirir unha experiencia enriquecedora para que, unha vez finalizado o seu período de estudos, poida dispoñer dunha perspectiva que permita o seu engarce no mundo laboral.

A Comisión de Seguimento, na que estarán representados membros da USC e da Asociación “Mariñas – Betanzos”, establecerá o número de prazas ofertadas en calidade de estadía de prácticas, para cada un dos períodos e prazos das prácticas que se convoquen. Tamén determinará no período que se realizarán.

A Xunta Directiva acorda por unanimidade que se formalice dito Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, delegando na Presidencia a súa sinatura.

2.3. PROPOSTA DE SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA “GOLFO ÁRTABRO”, PARA A XESTIÓN TEMPORAL DO PLAN ESTRATÉXICO ZONAL (PEZ) NO MARCO DO EIXO 4 DO FONDO EUROPEO DE PESCA 2007-2013.

O Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro” ten asinado un convenio de colaboración coa Consellería do Mar para a zona pesqueira “Golfo Ártabro” para a aplicación do Plan Estratéxico Zonal (PEZ) no marco do eixo 4 do Fondo Europeo de Pesca 2007-2013, dirixido ó desenvolvemento da zona litoral.

Na actualidade o GAC non ten persoal propio, e está pendente da cesión dun local onde se instalará a sede dende onde se xestionará dito Plan (En Sada).

Xa ten saído publicada a orde convocando as axudas para a execución dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar ós Grupos de Acción Costeira, polo que urxe poñer en marcha o Programa, facendo fincapé nas tarefas de difusión, animación, lanzamento do Programa, así como no asesoramento e apoio a persoas emprendedoras.

No convenio de colaboración asinado coa Consellería do Mar, na súa cláusula décimo sétima, relativo as formas de xestión do GAC, se deixa a posibilidade de que se poida levar a xestión indirecta deste Plan a través dun convenio cunha entidade sen ánimo de lucro que realice funcións de desenvolvemento local.

En base ó anteriormente exposto, a Xunta Directiva do GAC do “Golfo Artabro” en reunión celebrada no mes de setembro de 2009, ten acordado a sinatura dun convenio temporal de colaboración coa Asociación “Mariñas – Betanzos” e a Fundación Comarcal de Betanzos, mentres non se dote do seu equipo técnico, para realizar as seguintes tarefas:

- De animación, difusión, lanzamento, promoción e sensibilización do Programa.
- De xestión do Plan Especial Zonal correspondentes ó equipo técnico segundo o convenio asinado entre o GAC e a Consellería do Mar.
- De control e seguimento de proxectos.
- De coordinación cos Grupos de Desenvolvemento Rural existentes no ámbito territorial e outros Grupos de Acción Costeira.
- Informar e preparar toda documentación pertinente e necesaria para a Xunta Directiva e a Presidencia do GAC “Golfo Ártabro” para a súa toma de decisións.
- Realizar todas aquelas actividades e accións necesarias para implementación do PEZ.
- Cumprir e facer cumprir a normativa aplicable segundo o convenio asinado entre o GAC e a Consellería do Mar.
- Posta en marcha da Oficina de xestión do Plan Especial Zonal do GAC en Sada.
- Preparación das bases para a contratación da Imaxe Corporativa do GAC.
- Apoio a Tesourería e Secretaría do GAC: contabilidade, redacción de informes e documentos necesarios.

O Convenio terá unha duración inicial de tres meses. A través deste Convenio o GAC abonará á Asociación “Mariñas – Betanzos” e á Fundación Comarcal de Betanzos un importe mensual de 1.750 euros (I.V.E. incluído) para cada Grupo, e por outra banda, abonará cada mes os desprazamentos do persoal a razón de 0,19 €/km.

O Xerente do Programa LEADER, informa ós asistentes que dende A Asociación “Mariñas – Betanzos” xa se estaba a traballar altruistamente co GAC “Golfo Ártabro”, facendo todas as tarefas o técnico de Dinamización de Proxectos do Programa LEADER.

O representante do sector pesqueiro, Andrés García, que é Presidente do G.A.C. “Golfo Ártabro” comunica que este convenio tería efectos retroactivos dende primeiros do mes de setembro; informando tamén que ten saído neste mes a convocatoria para cubrir a praza de xerencia do GAC Golfo Ártabro.

A Xunta Directiva autoriza que se formalice dito Convenio entre a Asociación “Mariñas – Betanzos”, a Fundación Comarcal de Betanzos e o GAC “Golfo Ártabro”, delegando na Presidencia a sinatura de dito convenio.

2.4. INFORME SOBRE SOLICITUDE Á DELEGACIÓN TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA

Dende “Mariñas – Betanzos” se está a traballar na edición dunha nova Guía na comarca que levará por título “Ruta pola arquitectura de Rafael González Villar nas Mariñas Coruñesas”. Gonzalez Villar oriundo da Coruña, ten realizado moitos proxectos en diferentes lugares da comarca, como Abegondo, Betanzos, A Coruña, Oleiros e Cesuras (Edificio Liceo, Escolas García Naveira, Plaza del Campo en Betanzos, Sanatorio Antituberculoso en Cesuras, Casa en Limiñón en Abegondo.....) converténdose no máis importante referente arquitectónico do século no ámbito das Mariñas – Coruñesas.

A través desta Guía preténdese impulsar e promocionar a difusión das obras deste arquitecto, que se poden considerar un importante recurso cultural para a comarca das Mariñas, tematizando para elo unha RUTA ARQUITÉCTONICA.

Se pretende coa edición desta Guía que poida ser o xerme a partir do cal se estableza unha ruta de carácter turístico-cultural centrada nun percorrido polas obras deste destacado arquitecto pola Comarca, ó mesmo tempo que se reforzará o coñecemento da nosa zona rural e contribuirá a dar a coñecer o patrimonio propio. **(Xúntase memoria presentada)**

O Xerente do Programa LEADER informa ós asistentes que estase levando a promoción turística do territorio a través de dous Programas: O Programa Mándeo e o Plan de Dinamización do Produto Turístico; polo que non tería sentido dende o LEADER duplicar esforzos.

O representante da Asociación “Rabo do Galo”, matiza que ó mesmo tempo que se publica a Guía se podería esixir un bo estado de conservación dos elementos patrimoniais a quen proceda, e que dende a Xunta Directiva deberían de xurdir outras actuacións, tratando de estimular un “estado de conservación aceptable” como mínimo.

O representante do Sindicato Labrego Galego, matiza que o principal é que se coñezan estes recursos e despois que se fagan as actuacións pertinentes de conservación.

A Xunta Directiva acorda que se solicite o financiamento para esta Guía, aportando que no caso de ser concedido, se podería meter algún edificio modernista máis doutros arquitectos e recomendacións de conservación de ditos elementos patrimoniais, representando a guía un paso adiante en dar a coñecer estes elementos patrimoniais.

2.5. PROXECTOS DE COOPERACIÓN: CONVOCATORIA ANO 2009 DO MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO.

O Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino pretende consolidar, dende a transparencia e a colaboración entre as diferentes administracións implicadas, a cooperación entre territorios de diversas comunidades autónomas e doutros Estados, membros ou non membros da Unión Europea, como un dos principais instrumentos a fortalecer dende a rede rural nacional, considerada como un sistema integrado destinado a asegurar alianzas, divulgar experiencias, e conformar un escenario común para a consolidación do medio rural en España.

Para elo ten publicado no Boletín Oficial do Estado o día 22 de maio de 2009 a Orde “ARM/1287/2009, de 8 de maio pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a proxectos de cooperación interterritorial e transnacional, no marco da rede rural nacional, e se convocan as correspondentes ó exercicio 2009”.

Así mesmo, “Mariñas – Betanzos” ten presentado o día 04 de xullo de 2009 ante a Consellería como “*xefe de filas*”, o proxecto “**Rede de espazos ambientalmente competitivos: Caracterización medioambiental para impulsar a competitividade das actividades e produtos asociados**”, que agrupa tres liñas de traballo dentro do Plan de Cooperación e que xa estaban definidas na candidatura elaborada para optar ó Programa LEADER.

“Mariñas – Betanzos”, como grupo coordinador asumirá e desenvolverá as funcións propias de dirección e coordinación, redactará o anteproxecto, proxecto e acordos de cooperación e se encargará da distribución da subvención entre os grupos participantes. Asumirá o control e seguimento do proxecto, a presentación dos informes requiridos, supervisará e velará para que os grupos participantes cumpran cos compromisos asumidos, promoverá o desenvolvemento das accións comúns e desenvolverá as tarefas que correspondan para o peche do proxecto e a súa xustificación. Encargarase de manter a unidade do proxecto respectando as particularidades de cada territorio.

Con data 14 de setembro ten entrado oficio do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino comunicando a proposta de resolución provisional (Orden ARM/1287/2009). Así para este proxecto tense asignado unha subvención de 300.000 euros destinados para Asistencia Técnica. O Xerente do Programa LEADER informa que de 200 proxectos presentados, foron aprobados 22 proxectos, sendo dous deles Galegos, o da Asociación “Mariñas – Betanzos” e outro de Ourense.

A tal efecto, visto o resultado da resolución provisional e considerando a redución de fondos no montante global do proxecto, se procedeu a unha adaptación do proxecto nos seus obxectivos ás disponibilidades financeiras, dando como resultado o acordo entre socios que modifica os apartados do anexo I.

OBXECTIVO XERAL: Mellorar o coñecemento da Biodiversidade nos territorios de actuación centrándose nos cauces fluviais e espazos protexidos, como base para DESEÑAR ESTRATEXIAS de valorización centradas no medio ambiente, os produtos artesanais e o turismo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

1. Mellorar o coñecemento sobre o Medio Ambiente en temas moi específicos ligados ós recursos ambientais.
2. Aproveitar a posta en marcha da Directiva Marco da Auga para deseñar estratexias que impliquen a participación social en proxectos de mellora de espazos relacionados cos cauces fluviais.
3. Formular estratexias para a mellora dos espazos ambientais de maior interese, especialmente os ligados ás concas fluviais.
4. Formular estratexias para a estruturación da comercialización dos produtos agrarios ligados ambientalmente ós distintos territorios.
5. Formular estratexias coordinadas entre todos os territorios, para a súa posta en valor a través dun turismo que teña o medio ambiente e os produtos agroalimentarios locais como pilar, e que vinculen e asocien a imaxe de TERRITORIO NATURAL con esos produtos.

Se informa que con data 25 de setembro de 2009, se ten enviado á Consellería o proxecto reformulado adaptado á subvención concedida (300.000.-€) quedando da seguinte maneira:

ACCIÓNS

1.1. Accións eixe ambiental

- Xornadas-encontro sobre temas ambientais para deseño fase execución: candidatura de proxectos de cooperación 2010 (Directiva Marco da Auga e participación pública).
- Estudio valores ambientais (varios territorios).

1.2. Accións eixo agroalimentario

- Inventario de axentes e producións en cada un dos territorios.
- Estudio de mercado viabilidade dunha comercializadora produtos agroalimentarios de calidade en circuitos curtos.

1.3. Accións eixo turismo

- Constitución de Asociacións de empresarios turísticos e inventario de recursos turísticos ligado ó medio ambiente; inventario de servizos turísticos (territorios onde non existan); SIX

2. ACCIONS DIFUSIÓN DO PROXECTO

- Web do proxecto e SIX con información ambienta; material divulgativo e recopilación de logros proxecto; formación animación a colectivos participantes: visitas temáticas (reservas biosfera); reunións coordinación Grupos.

3. XESTIÓN DO PROXECTO

- Deseño-coordinación-xustificación proxecto (Grupo Coordinador)
- Custe Aval

O día 09 de outubro tivo lugar en Abegondo a primeira reunión de traballo cos 13 socios participantes no proxecto. O obxectivo principal desta xuntanza é poder compartir as novidades e ir conformando un calendario de encontros, visitas, xornadas, reunións, etc.

Os temas a tratar da reunión foron definir o cadro financeiro definitivo, xustificantes de gasto e accións a executar. Datas para a realización de xornadas e visitas (definición de lugares de interese a visitar. Localización das reunións).

Se informa tamén, que os vindeiros días 28 e 29 de outubro está previsto realizar en Abegondo as “**II Xornadas sobre a Auga: Auga, Medio Ambiente e participación**”; cos seguinte contidos:

- Contextualización da Directiva Marco da Auga (DMA) e participación pública.
- Experiencias e metodoloxías de participación pública na xestión da auga e o medio ambiente
- Experiencias de posta en valor de espazos ambientais coa auga como eixo temático

Tamén está prevista outra xornada formativa para o vindeiro 02 de novembro de 2009 en Cuenca, sobre Reservas da Biosfera. Desta xornada se pretende extraer conclusións para poder levar a cabo un estudo de base para presentar no ano 2010 unha candidatura a Reserva da Biosfera.

O Presidente convida a todos os membros da Xunta Directiva a participar e darlles difusión a estas xornadas.

O proxecto terá que estar debidamente xustificado e pagado antes do 15 de novembro de 2009.

Por outra banda o Presidente propón que se podería facer un estudio para buscar alternativas a producións tradicionais: producións de horta e plantacións ornamentais; explotacións gandeiras abandonadas...., que son os proxectos que encaixarían no LEADER e que máis tardan en xurdir.

A Xunta Directiva autoriza que no caso que dentro deste proxecto, sexa necesario realizar mesas de contratacións para asistencias técnicas, se nomea a que a continuación se detalla: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesoureira, Xerente Programa LEADER.

Así mesmo, según se recolle nas Bases de axuda, se poderá solicitar un adianto ao Ministerio do 100 % do importe da axuda (300.000 €.), tras a presentación dun aval bancario polo importe do 110% da subvención (330.000 €.). A este respecto autorízase ao presidente a realizar un aval con Caixa Galicia para este proxecto.

3.-INFORME ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN E PROXECTOS

3.1. SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER

3.1.1. Proxectos enviados a AGADER para verificación do Informe de Control de Elexibilidade:

3.1.1.1. MEDIDA 4.1.2. MELLORA MEDIOAMBIENTAL E DO CONTORNO RURAL

Expte. L-29-412.011 Restauración de ríos de lavar e mananciais (Oleiros)

Con data 29 de xullo de 2009, ten entrada no rexistro do G.D.R. "Mariñas – Betanzos" unha solicitude de axuda do Concello de Oleiros.

O proxecto consiste na recuperación de oito mananciais e ríos de lavar ubicados nos núcleos de poboación de A Gandara, O Espiño, O Batán, O Couto, Lóngora (Vista Alegre), Vilanova, Broño e Aba, co obxecto de permitir o disfrute e aproveitamento da auga, así como recuperar o patrimonio cultural ligado ós cauces fluviais.

Este proxecto de carácter non produtivo, supón unha innovación no territorio por canto trátase de poñer en valor elementos patrimoniais que ó non ser precisos para o desenvolvemento da nosa sociedade, están en estado de abandono. A súa recuperación representa a posibilidade de achegar á cidadanía a estes lugares que forman parte da historia, a aproximalos ó elemento AUGA e a permitirilles disfrutar da auga dos mananciais.

As inversións desta iniciativa ascenden a 76.175,75 que irán dirixidas á recuperación dos 8 ríos de lavar e mananciais.

3.1.1.2. MEDIDA 4.1.3. DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

Expte. L-29-413.002 Papelería e servizos de fotocopiadora (Oza dos Ríos)

Con data 05 de xuño de 2009, ten entrada no rexistro do G.D.R. "Mariñas – Betanzos" unha solicitude de axuda asinada por Mónica Boedo.

O proxecto consiste na prestación do servizo de subministro de prensa, revistas, papelería, material de oficina, fotocopias, libros, servizo de fax, artesanía de Galicia, material informático, distribución de mobles de oficina e outros servizos complementarios. Na actualidade este servizo non existe no Concello de Oza dos Ríos, e seguindo o réxime de axudas podería ser elixible.

Esta iniciativa creará o propio emprego da promotora. A inversión prevista é de 37.375,53.-€, dirixidos o acondicionamento de local, o equipamento e mobiliario.

Expte. L-29.413.004 Creación empresa xestión integral de turismo e servizos de ocio (Culleredo)

Con data 29 de maio de 2009, ten entrado no rexistro do G.D.R. "Mariñas – Betanzos" unha solicitude de axuda da entidade Mundocio Eventos&Entretenimiento, S.L.

A empresa nace coa intención de xestionar calquera evento ou actividade de ocio e tempo libre. A entidade promotora pretende ofrecer un servizo de xestión integral de ocio, eventos e entretemento, facendo fincapé na calidade do produto que se ofrece e na atención ó cliente e actividades turísticas.

Os obxectivos que se pretenden acadar son: servizos de calidade e personalizado; ampliar as posibilidades de ocio dos establecementos hostaleiros; ofertar unha proposta integral de entretemento e actividades deportivas, culturais e de tempo libre para centros educativos; actuar de intermediarios entre a oferta e a demanda do turismo (activo, cultural, gastronómico, rural, saúde, de aventura....); organizar eventos e outros servizos de ocio para empresas e cidadáns.

Os servizos que ofrecerá son: animación infantil; entretemento adultos; actividades para empresas (servizos de entretemento dos traballadores nas empresas e do turismo nos hoteis); turismo e aventura; actividades deportivas e tempo libre nas escolas, campamentos, centros da terceira idade, culturais...

O proxecto é innovador pola amplitude de servizos de ocio que ofrece, tratando de levar a cabo unha actividade de ocio e entretemento que na actualidade ten pouca presenza no territorio e pretendendo ofertar ós establecementos hoteleiros servizos complementarios ó aloxamento que contribúa a aumentar o tempo de estancia e a satisfacción dos turistas.

Esta iniciativa creará o emprego do administrador único da empresa. A inversión ascende a 230.782,65.-€. que irán dirixidos ó acondicionamento do local, ó equipamento e mobiliario; ós equipos de transporte; ás taxas e licenzas e ó custo de elaboración do proxecto.

Expte. L-29.413.009 Ampliación refuxio de animais (Coirós)

Con data 06 de xullo de 2009, ten entrado no rexistro do G.D.R. "Mariñas – Betanzos" unha solicitude de axuda da entidade Asociación Protectora de Animais Gatocan.

Ampliación das instalacións dunha Asociación adicada a recoller animais abandonados. Na actualidade conta cunhas instalacións no municipio de Coirós que son insuficientes para dar acubillo ó crecente número de animais. Ó mesmo tempo dita ampliación permitiría dar servizo a algún outro concello da comarca que manifestou o seu interese por contar co servizo de recollida de animais que impón a lei actual.

O proxecto de carácter non produtivo é innovador por cubrir unha necesidade social no territorio, que inflúe positivamente na calidade de vida dos cidadáns e tamén no benestar dos animais, obxectivo prioritario do FEADER.

Con esta iniciativa se van a crear 2,5 empregos e consolidar os empregos que tiña creados no ano 2008. As inversións ascenden a 158.638,28.-€ que irán dirixidas á ampliación do local, ás taxas, licenzas e custo da elaboración do proxecto.

3.1.2. Proxectos en estudio para ser enviados a AGADER para verificación do Informe de Control de Elexibilidade:

3.1.2.1. MEDIDA 4.1.3. DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

Expte. L-29.413.003 Ampliación e modernización de empresa de servizos no medio rural (Cambre)

Con data 25 de maio de 2009 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda presentada por Sergio Ares.

O proxecto consiste na ampliación e modernización dunha pequena empresa de servizos no medio rural, centrada no sector forestal, limpeza de montes, recollida de lodos, rozas, regos, etc., a través da compra dun novo tractor. As inversións ascenden aproximadamente a 81.000.- euros dirixidos á compra do tractor.

Expte. L-29.413.012 Subministración e colocación de refuxios para paradas de autobús interurbano (Oleiros)

Con data 29 de xullo de 2009 o Concello de Oleiros ten presentado unha solicitude de axuda para instalar nove refuxios (marquesiñas) nos núcleos de poboación na liña de transporte interurbano que financia o propio Concello de Oleiros, co obxecto de mellorar a calidade dos servizos destes núcleos rurais. A innovación deste proxecto de carácter non produtivo reside no feito de impulsar o uso do transporte público no medio rural. As inversións ascenderían aproximadamente a 50.000 euros e irían dirixidas a colocación e subministro das marquesiñas.

Expte. L-29.413.013 Zona recreativa e de ocio natural en Martinete (Betanzos)

Con data 30 de xullo de 2009 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda presentada pola entidade Arco da Vella, S.L. para a creación dun centro recreativo e de ocio, respectuoso co medio ambiente, nun entorno rural, capaz de xerar un turismo activo no Concello de Betanzos. O Centro recreativo contará cun espazo para a observación das aves, parque infantil, praia fluvial, aula de natureza, granxa e horta ecolóxica. As inversións ascenden aproximadamente a 700.000 euros e irían dirixidas ó acondicionamento da zona recreativa. A maiores, fóra da solicitude están a construír un restaurante.

Expte. L-29.413.016 Aula de informática no Centro Cultural de Cambás (Aranga)

Con data 09 de setembro de 2009 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda presentada pola Asociación “Consello de Anciáns de Alto Xestoso-Monfero”.

Este proxecto de carácter non produtivo consiste na creación dun aula de informática na casa reitoral de Cambás, promovido polo Consello de Anciáns de Xestoso-Cambás, para que os asociados e persoas maiores dos concellos limítrofes, poidan recibir coñecementos sobre as novas tecnoloxías.

Esta aula de informática facilitará ós usuarios o servizo da UNED SENIOR que na actualidade teñen concedido a este territorio. As inversións ascenden aproximadamente a 121.000 euros e irán dirixidas ó acondicionamento do local, ó equipamento e á elaboración do proxecto.

Expte. L-29.413.017 Nova Escola Infantil en A Lagoa – Maianca (Oleiros)

Con data 14 de setembro ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda presentada polo Concello de Oleiros para o acondicionamento dun vello preescolar no núcleo de poboación de A Lagoa na parroquia de Maianca con tres unidades e capacidade máxima para 41 alumnos en presenza simultánea. As inversións ascenderían a 420.000 euros aproximadamente que irían dirixidos á obra civil e ó acondicionamento. O proxecto é produtivo, sendo sacada a súa xestión a concesión polo Concello de Oleiros, creando 8 empregos (a maioría mulleres).

Expte. L-29.413.018 Ampliación e modernización de empresa de servizos no sector forestal na comarca (Oleiros)

Con data 23 de setembro de 2009 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda presentada por José Manuel Cabana, para a ampliación e modernización dunha pequena empresa que na actualidade realiza traballos forestais consistentes en desbroce de montes e fincas, plantacións, podas e clareos sobre todo no sector da viticultura.

Coa maquinaria que conta na actualidade non pode realizar plantacións forestais, pretendendo levar a cabo esta actividade coas inversións a realizar. Tamén pretende levar a cabo outra nova actividade de compra, corta e venda de madeira ó por maior. As inversións ascenderían aproximadamente a 197.000 euros e irían dirixidas á compra da maquinaria e dunha furgoneta.

3.1.3. Outros proxectos con solicitude de axuda presentada:

- Reimplantación do cultivo de lúpulo na comarca (LUTEGA)
- Creación planta de transformación e secado de lúpulo (LUTEGA)
- Creación de planta de transformación cultivos hortícolas (LUTEGA)
- Creación Centro de Día en Irixoa (MRYCD San Judas Tadeo, S.L.)
- Ampliación empresa traballos forestais en Abegondo (José Antonio Vidal)
- Ampliación empresa maiorista de pinturas en Cambre (Proinde, S.L.)
- Creación granxa cinexética para coellos e aves en Oza dos Ríos (Juan Luís Costoya)
- Creación casa de comidas en Cambás – Aranga (Aladina Seijas)

Unha vez vistos os proxectos, a Xunta Directiva abre un debate de que tipo de medidas deberían de seguir á hora de seleccionar os proxectos; si se deberían priorizar proxectos que vaian acompañados dun informe técnico para poder ser valorados pola Xunta Directiva; establecer algún tipo de criterio para asegurar a redistribución de axudas no global do territorio e por último, que se debería aclarar o procedemento de trámite dunha axuda e ver o grao de participación na Xunta Directiva sobre os proxectos presentados.

Se informa que hai elaborado un Plan Estratéxico, e que todos os proxectos si entran na estratexia non poden ser rexeitados, polo que dende a Xunta Directiva se propón facer unha xuntanza para debatir sobre a posible reformulación da estratexia e revisar o Plan Estratéxico.

3.2. ACTIVIDADES DE DIFUSIÓN DO PROGRAMA LEADER

3.2.1. REUNIÓNS INFORMATIVAS DO PROGRAMA LEADER EN CONCELLOS:

Se informa ós asistentes que durante o mes de setembro o Equipo Técnico do Programa LEADER “Mariñas – Betanzos” en coordinación cos concellos ten realizado xornadas informativas do Programa Leader dirixidas ás Micropemes, Pemes, asociacións de veciños, culturais, ong’s ..., socios de “Mariñas – Betanzos” e outros representantes do tecido socioeconómico.

Tamén se informou nos concellos incluídos no Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro” das liñas de axuda do Fondo Europeo de Pesca. Estas axudas están dirixidas a mellorar e diversificar as comunidades pesqueiras do ámbito territorial dos concellos de Ares, Arteixo, Bergondo, Cabanas, Cambre, Culleredo, Fene, Miño, Mugardos, Neda, Narón, Oleiros, Paderne, Pontedeume e Sada.

As charlas informativas celebradas ata o momento foron:

- 14/09/2009 Concello de Culleredo
- 16/09/2009 Concello de Aranga
- 21/09/2009 Concello de Abegondo
- 30/09/2009 Concello de Paderne

Ó remate de cada xuntanza, se lles fixo entrega a todos os asistentes de trípticos e da “Guía para Emprender”.

Durante o mes de outubro se celebrarán as seguintes reunións:

- 05/10/2009 Concello de Sada
- 07/10/2009 Concello de Miño
- 20/10/2009 Concello de Cesuras
- 28/10/2009 Concello de Oleiros

3.2.2. REUNIÓNS MESAS SECTORIAIS.

MESA SECTORIAL DO MEDIO AMBIENTE E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS

O día 23 de setembro de 2009, na sede do Ceida (Castelo de Santa Cruz – Oleiros), tivo lugar unha reunión informativa con membros da Mesa do Medio Ambiente.

O temas a tratar foron os seguintes:

- O Programa LEADER. O Grupo de Acción Costeira “Golfo Artabro” (Fondo Europeo de Pesca): Liñas relacionadas co Medio Ambiente.
- Outros proxectos postos en marcha no territorio:
 - Proxecto LIFE+ “Aqua Plann Project”: Xestión integrada dos recursos hídricos e a súa aplicación no planeamento local do L.I.C. Abegondo – Cecebre.
 - Proxecto Mandeo 2007-2013
 - Creación da “Mesa do Auga” do territorio “Mariñas – Betanzos”

Informar ós asistentes que está previsto reunirse con todas as mesas sectoriais en breve, sendo as primeiras o sector forestal e da madeiro e o sector do turismo.

O representante da Asociación Cultura Aberta de Carral, propón que se reúna á Mesa que representa “Mesa sectorial de Asociacións culturais, deportivas, recreativas, de veciños, ANPAS”, polo que queda emprazado o equipo técnico para organizar dita reunión.

Por outra banda, a representante do sector das Mulleres, informa que a Alcaldesa do Concello de Bergondo, cede á Asociación “Mariñas – Betanzos” o local social de Santa Marta de Babío para facer as reunións de Xunta Directiva. O Equipo Técnico queda en visitar o local para ver si reúne as condicións para realizar as Xuntas Directivas.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 21.15 horas.

En Abegondo, a 13 de outubro de 2009

O Secretario Accidental,
Asdo.: D. José Juan Rico Rodríguez

Vº e prace O Presidente
Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes